



Crise,...?

¿De que crise falamos?

Nos últimos meses o término máis repetido é o de crise. Todo/as falamos dela pero a pregunta que debemos facernos é ¿de que crise falamos? A Economía española creceu nominalmente no último decenio a unha media anual superior 3% do PIB. Neste mesmo período os beneficios empresariais multiplicáronse nun 73%, especialmente os das multinacionais.

O modelo de crecemento nesta década, seguindo as directrices da globalización económica baséase esencialmente na especulación financeira, a explotación da inmigración, a depredación do medio ambiente, a flexibilización das condicións laborais e o desmantelamento dos servizos públicos

Características que se poden visualizar con facilidade nos sectores considerados máis "dinámicos": o sector inmobiliario, o sector turístico e principalmente o sector financeiro, baseado na especulación, (terras, materias primas, armas...) e o movemento virtual de capitais. As grandes empresas do Ibex 35 nese "casino" chamado Bolsa, moven anualmente ata un billón de euros, tanto como todo o PIB do estado español.

Este modelo de crecemento insostible medio ambiental, inxusto e desigual presenta a niveis do estado español a seguinte creba social:

- Case un terzo dos fogares españois son mileuristas, é dicir, preto de 5 millóns de fogares (fogar = 2,1 persoas).
- Os salarios perderon máis dun 5% de poder adquisitivo
- Os ingresos do 20% da poboación máis rica pasaron de significar 5,1 veces os ingresos do 20% da poboación máis pobre.
- A poboación española considerada como pobre, sitúase no 20%,
- Os baixos salarios e a alta precariedade no emprego, explican en gran medida que a poboación de rendas baixas aumente a un ritmo superior, o 5,4%, que o tramo de poboación de rendas medias.

A esta situación chamábanlle "crecemento, bonanza, milagre, etc.", cando a realidade era xa dunha auténtica crise para gran parte da sociedade.

Neste momento, debemos ter en conta que o PARO situouse no 12% sen que a TEMPORALIDADE descenda do 32%. O IPC subiu ao 5'5% mentres os SALARIOS seguen perdendo poder adquisitivo. Descende o PIB por baixo do 1% e preténdese incrementar a PRODUTIVIDADE, abaratando o DESPIDO asinando unha nova REFORMA LABORAL.

Doutra banda a POLÍTICA TRIBUTARIA dirixida a beneficiar ao capital con baixadas de impostos ás grandes fortunas e recorte das cotizacións empresariais, desemboca nunha política de PRIVATIZACIÓNS e desmantelamento dos SERVIZOS PÚBLICOS (sanidade, educación, atención, transportes, comunicacións,...) que "pagamos" entre todos/as, como entre todos e todas "poñemos" as miles de mortes por ACCIDENTES LABORAIS.

O capital, os gobernos, a patronal e o sindicalismo maioritario, pretenden que os de sempre paguemos "a súa crise": os traballadores e as traballadoras, estafados laboral e socialmente coas Reformas Laborais e as políticas de consumo insostible que fixeron desaparecer o colectivo e o público, como garantía de dereitos sociais para todos e todas.

Non debemos ignorar que este proceso de empobrecemento da maioría, consolida a globalización capitalista, desde unha concepción autoritaria, represiva e militarista da sociedade, fomentando o incremento do negocio armamentista como a especulación salvaxe sobre a enerxía e os alimentos condenando a fame a millóns de persoas.

Este proceso global de retrocesos estámolo sufrindo de xeito moi especial no caso da Unión Europea, onde asistimos a un proceso profundamente antidemocrático de imposición parlamentaria dun tratado/constitución rexeitado unha e outra vez en referendo.

Unha imposición acompañada doutras medidas e directivas que xunto coa autonomía dotada ao Banco Central Europeo constitúen o xerme dunha auténtica ditadura económica. Referímonos ao Tratado de Lisboa referendado polo sindicalismo maioritario para impoñer a flexibilidade laboral e o despedimento libre. A directiva Bolkestein que nos impón o desmantelamento dos Servizo Públicos. A directiva da vergonza, directiva do retorno da inmigración, que restrinxe os movementos e os dereitos das persoas inmigrantes. E a máis recente directiva das 65 horas sobre Xornada de Traballo que prolonga a xornada laboral e elimina a vida social persoal.

Fronte a esta realidade necesitamos unha cultura da resistencia contra o consumismo, contra o crecemento polo crecemento sen fins colectivos. Necesitamos saír á rúa para parar esta máquina de desorde, inxustizas e desigualdades, chamada economía de mercado ou capitalismo e construír, a través da cooperación e a solidariedade, unha sociedade que respecte o medio ambiente, o traballo digno, o tempo de vida colectivo das persoas ligado á produción de bens sociais suficientes para todos e todas.

Necesitamos mobilizarnos no noso día a día e camiñar todos/as xuntos/as ata una **FOLGA XERAL**

Crise,...?

¿De que crise falamos?



**CONFEDERACIÓN
GENERAL DEL
TRABAJO**
www.cgt.es